


Unidade 1



Nesta unidade

Lectura e comprensión
¡Que pesadelo!

Léxico
A familia. Os sinónimos
e os antónimos

Expresión oral
Anécdotas familiares

Expresión escrita
A biografía

Gramática
As clases de palabras
Ortografía
As regras xerais de acentuación

Recursos
Uso do dicionario: orde
alfabética e palabras guía

Antes de ler

Alicia, a nena da lectura, nestes momentos non ten unha boa relación coa súa irmá Sonia.

- ¿Como te levas ti cos teus irmáns?
¿Que actividades realizades xuntos?
Se non tes irmáns, ¿gustaríache telos?
¿Por que?

¡Que pesadelo!

Q uedei durmida e soñei que era unha náufraga feliz ata que oín unha voz que saía das profundidades do meu soño. Puxéronseme os pelos da caluga de punta.

—¡¡¡Alicia!!!

Alicia son eu, pero fíxenme a xorda.

Era a voz de Sonia. A petarda entrara no meu soño sen permiso.

—Ola, Sonia. Agora tes o sofá para ti soa.

—Eu tamén quero ser náufraga.

É unha envexosa, sempre me tivo envexa porque teño os ollos azuis e ela non.

—Dixeches que che daba aquel subir ao patín acuático.

—Cambiei de idea.

É a súa especialidade, cambiar de idea cada medio segundo. Púxenme **crecha**.

—Chincha-rechincha.

Eu nos soños son moi valente, pero Sonia é unha tramposa.

—¿Daquela si? Pois vouvos rescatar.

É capaz.

—Non podes: estamos perdidos e ninguén sabe onde estamos.

Se cadra pásalle esta.


—¡Xa quixeras! Eu seino todo.

Cando Sonia di que vai facer algo, faino. Ao cabo dun anaco, oín un ruído de mil demos, levantei a cabeza e vin centos de helicópteros sobrevoando a illa deserta onde eu era feliz. E oín a voz aguda de Sonia.

—¡Están aquí! ¡Están aquí!

A moi acusona estaba sinalándonos. Os helicópteros alumeáronnos cuns focos moi potentes e Sonia baixou por unha escaleira de corda dicindo:

crecho: orgulloso e fachendoso.



—Fixéstesme moi desgraciada. ¡Pola vosa culpa traumáticeime!

Foi un pesadelo tan horroroso que abrín os ollos de golpe. E... non pode ser..., óíña. Óíoa. Estou oíndo a Sonia.

—Fixéstesme moi desgraciada.

Non é nada orixinal, é o que sempre di.

Sonia está berrando, e óíoa por moito que tape as orellas. Di que ela quería ser unha moza leda e normal, pero non pode, non pode selo porque non é loura nin ten os ollos azuis e non é estranxeira, e que iso é un **estigma** —que non sei o que quere dicir— e que ningún rapaz quere ser o seu mozo porque non é loura, non ten os ollos azuis e non é estranxeira.

A miña nai está cansa, decátome porque non está **histórica** e, cando non está histórica, é que está cansa, que son as dúas cousas que lle pasan cando discute con Sonia. Di que compadece o pobre rapaz que sexa o seu mozo, pero que cando teña mozo quedarán todos moi descansados.

Se Sonia tivese mozo, sería coma se me sacasen unha espiña. Quedaría moi descansada.


Soñei que Sonia tiña un mozo que se parecía ao Cenoria pero en maior. Era bo rapaz e aguantáballo todo. Cando lle dicía: «Ti cala, idiota», calaba; cando lle dicía: «Ti sae do sofá, que é meu», saía. O mozo tiña cara de mozo e, como era moi boa vítima, Sonia esquecíase de min.

Daquela acababan todos os meus problemas e sentíame moi DESCANSADA.

Maite Carranza,
¿Queres se-lo mozo da miña irmá?, Ed. Rodeira (adaptación).

estigma: aquilo que mancha a honra ou a reputación de alguén.

histórico: que manifesta unha excitación esaxerada e incontrolada.





Comprensión

1 ¿Cales son os personaxes da lectura?

2 Atribúelle cada un destes trazos ao personaxe da lectura que lle corresponda.

valente nos sonhos	decidida	tramposa	
medorenta	crecha	acusona	envexosa
histérica	cansa	desgraciada	

3 Copia estes acontecementos por orde cronolóxica, é dicir, segundo van sucedendo na lectura.

- Acaban os problemas de Alicia e séntese moi DESCANSADA.
- Alicia soña que está nunha illa deserta e que é unha náufraga feliz.
- Sonia baixa dun helicóptero.
- Os helicópteros iluminan os náufragos cuns focos potentes.
- Sonia tamén quere ser náufraga.
- Sonia di que se sente moi desgraciada porque non ten os ollos azuis nin o pelo louro e non é estranxeira.
- Alicia oe discutir a Sonia e a súa nai.
- Alicia soña que Sonia atopa mozo.

4 O texto da lectura pode dividirse en tres partes. Completa o cadro sobre esas tres partes no caderno.

PARTES	ABRANGUE DESDE ... ATA ...	CONTIDO
Primeira		
Segunda		
Terceira		

5 Redacta un resumo da lectura.

Reflexiona


6 Sonia, a irmá de Alicia, séntese desgraciada. ¿Por que cres que se sente así? ¿Cres que os motivos que ten para sentirse así son importantes? ¿Por que?

- ¿Como fai sentir a súa nai e a súa irmá coa súa actitude? ¿Como te sentirías ti se ela fose irmá túa?



A familia

7 Observa esta familia.



— Responde estas cuestións botando man das palabras do recadro da dereita.

• ¿Que é...

- ...Xoán de Rosa?
- ...Ana de Xoán?
- ...Xosé de Luísa?
- ...Ana de Brais?
- ...Eva de Xurxo?
- ...Heladio de Rosa?
- ...Brais de Ana?
- ...Heladio de Xoán?
- ...Xurxo de Ana e Brais?
- ...Xosé de Ana?
- ...Brais de Luísa?

primo
filla
irmá
irmá
esposo
pai
nai
irmán
cuñado
neto
avó

8 Di a palabra correspondente a cada definición. Pista: dámosche a primeira letra e a última e tantas raias como letras ten a palabra buscada.

- Quen perdeu os pais ou un deles: O _ _ _ O
- Calquera persoa en relación co seu padriño ou madriña: A _ _ _ _ _ O/A
- Fillo dun irmán ou dunha irmá: S _ _ _ _ _ O
- Fillo dun tío ou dunha tía: P _ _ _ _ O ou C _ _ _ _ _ N
- Muller do fillo con respecto aos pais del: N _ _ _ A

Os sinónimos e os antónimos

Xa sabes que os **sinónimos** son as palabras que teñen o mesmo significado, mentres que os **antónimos** son as palabras que teñen significado contrario.

— Di cales destas parellas de palabras son sinónimas e cales antónimas.

mollar - secar

bágoa - lágrima

primo - curmán

alto - baixo

entrar - saír

lóstrego - relampo

1 Relaciona cada palabra co seu sinónimo e co seu antónimo.

Palabra

bonito

delgado

limpo

contento

brando

fácil

Sinónimo

fraco

aseado

fermoso

mol

doado

ledo

Antónimo

difícil

feo

sucio

duro

triste

groso

2 Substitúe as palabras destacadas deste texto polo seu sinónimo do recadro.

esperta - astuta - intelixente - teimosa
acordarse - errada

¡Ola! Son Alicia outra vez, a nena da lectura, ¿**lémbra**
braste de min? Faleiche moito da miña irmá
Sonia, pero pouco sobre min. Para que non aca-
bes cunha idea **equivocada**, quero que saibas
que son **espelida**, **lista**, ás veces **arteira** e sem-
pre **testana**.

3 Escribe un sinónimo de cada unha destas pala-
bras. Bota man do dicionario, se o precisas.

pinga - ringleira - fiestra - gardameta - pelo

4 Busca nesta sopa de letras un antónimo de cada unha destas palabras.

claro - vello - próximo - ancho - aburrido
parvo - rápido

e	s	c	u	r	o	i	d	o	d
x	v	p	q	e	x	f	i	f	i
l	e	n	t	o	h	o	s	p	v
i	n	o	p	h	x	t	t	p	e
s	t	v	t	p	r	r	a	g	r
t	a	o	r	b	x	p	n	r	t
o	o	f	f	o	v	p	t	f	i
f	x	e	s	t	o	f	e	g	d
p	r	f	r	g	x	p	i	f	o
e	s	t	r	e	i	t	o	s	p

5 Escribe un antónimo de cada unha destas pa-
labras relacionadas coa familia.


madrasta - padriño - avó - pai - xenro
nora - sobriño

Madrasta: fillastro/a.

Anécdotas familiares

Agora imos contar anécdotas familiares. Pero... ¿que é unha **anécdota**? Pois é un feito divertido que lle sucedeu a unhas persoas nun lugar e nun momento determinados.

9 Le esta anécdota que lle sucedeu a Antón.



Era un día a mediados de agosto. Eu e a miña irmá pequena estabamos facendo un castelo de area na praia. Daquela achegouse a nós un cadelo branco e mudiño. A min estrañoume porque á praia non deixan traer cans. Pero, xusto cando estaba cavilando niso, o condenado do can botoulle a boca á asa do caldeiro e liscou a correr con el pola praia adiante. Entón reaccionei e fun a correr detrás del, tendo coidado, iso si, de non lle botar area á xente. Cando o dei pillado e recuperei o caldeiro, iestaba sen folgos! Mentres, a miña irmá fartouse de rir vendo a escena.

— Responde estas cuestións sobre a anécdota anterior.

- ¿Que sucedeu?
- ¿A quen lle sucedeu?
- ¿Onde sucedeu?
- ¿Cando sucedeu?

— Pon en común as túas respostas co resto da clase.

10 Agora pensa e cóntalle ao resto da clase unha anécdota que vos sucedese a ti ou a algún familiar teu. Se non recordas ningunha, podes inventala.

— Cubre unha ficha coma esta.

- ¿Que sucedeu?
- ¿A quen lle sucedeu?
- ¿Onde sucedeu?
- ¿Cando sucedeu?

— Redacta a anécdota a partir dos datos anteriores.

— Lea varias veces en voz baixa e corrixe o que non che acabe de gustar.

— Cóntalle a anécdota ao resto da clase.

A biografía

Unha **biografía** é a narración dos acontecementos máis importantes da vida dunha persoa, ordenados segundo foron sucedendo no tempo.

— Le esta biografía.

Este xogador de baloncesto naceu en Chantada o 1 de maio de 1983. A súa vida deportiva comezou na súa vila, como porteiro do equipo de fútbol das categorías inferiores do Chantada. Ao cabo dun tempo, deixou a práctica do fútbol e optou polo baloncesto. Tras comezar no deporte da canastra nas escolas deportivas do seu concello, no 1999 foi vivir e instruírse á desaparecida residencia de rendimento deportivo Siglo XXI, en Lugo. Alí vírono os olladores do Unicaja de Málaga, que o levarían para Málaga.

Tempo despois, conquistou co Unicaja a Copa do Rei de Baloncesto 2005 ante o Joventut de Badalona. No verán do 2005 acudiu ao Draft da NBA, onde foi seleccionado por Orlando Magic na primeira rolda no posto número 11. Pero Vázquez renunciou á liga estadounidense para fichar polo club catalán Akasvayu Girona. Tras unha temporada pouco gloriosa neste equipo, o chantadino pasou a formar parte do equipo do Fútbol Club Barcelona, onde conseguiu gañar a Copa do Rei en febreiro do 2007 ante o Real Madrid.

Foi internacional coa selección nacional de España, pero quedou fóra do equipo campión do mundo por mor dunha lesión pouco antes da disputa do campionato.


Requirírono os Orlando Magic para xogar con eles na tempada 2008-2009, catro anos máis tarde de ser elixido no Draft, para formar parella de xogo interior co pivote americano Dwight Howard. Así e todo, segue no Fútbol Club Barcelona de Baloncesto.

É un ala-pivote con gran mobilidade, malia medir 209 cm. A súa potencia de salto, o acerto nos lanzamentos desde fóra da zona, os mates e, sobre todo, os tapóns, son as súas principais virtudes. O seu defecto, por dicir algún, é a irregularidade, alternando etapas de xogo de alto nivel con partidos nos que pasa desapercibido no terreo de xogo.


— Sinala, a partir dos datos do texto, de quen é a biografía. Xustifica a túa resposta.



Víctor Mosqueira



Agustín Fernández Paz



Fran Vázquez

— Completa esta ficha a partir da biografía anterior.

- Lugar de nacemento do personaxe
- Traxectoria profesional
- Características

1 A Alicia e ao seu amigo Cenoria mandáronlles escribir a biografía de dous personaxes famosos. Ela colleu Luís Tosar e el, Silvia Jato. Pero, como son moi despistados, mesturáronas e agora non saben ben que datos corresponden a cada un nin como ordenalos. ¿Bótaslles unha man?

— Le os datos e clasifícaos segundo pertencen a Silvia Jato ou a Luís Tosar.

- Se tes dúbidas, consulta estas páxinas:

http://gl.wikipedia.org/wiki/Silvia_Jato

http://gl.wikipedia.org/wiki/Luis_Tosar

Despois presentou programas como *Pasapalabra* en Antena 3, *Allá tú* en Telecinco ou *Fifty Fifty* en Cuatro...

Foi premiado como Mellor Actor nos Premios Goya da Academia de las Artes y las Ciencias Cinematográficas de España 2004 por *Te doy mis ojos* e como Mellor Actor de Reparto no 2003 por *Os luns ao sol*.

Foi nomeada en dúas ocasións (2003 e 2004) aos Premios ATV como Mellor Comunicadora de Programas de Entretenimento e en tres (2001, 2002 e 2003) ao TP de Ouro como Mellor presentadora.

Iniciou a súa carreira como modelo. Elixida Miss Galicia, participou no Certame de Miss España en 1989, onde foi elixida Miss Nacional (Primeira Dama de Honra) e Miss Fotoxenia. En 1991 foi Primeira Dama de Honra de Miss Europa, certame no que tamén obtivo os títulos de Miss Fotoxenia e Miss Simpatía.

Comezou no campo da curtametraxe para logo ser coñecido pola súa presenza na serie da Televisión de Galicia *Mareas vivas*.

En 1990 comezou a súa carreira profesional no mundo da televisión na TVG como presentadora do programa *Sabor a ti*.

Luís Tosar é un actor galego nado en Lugo o 13 de outubro de 1971.


Silvia Jato naceu en Lugo o 6 de xuño de 1971 e é presentadora de televisión e modelo.

— Agora ordena os datos de cada personaxe e escribe as súas biografías.

2 Escribe a biografía dun escritor galego. Pode ser Manuel Rivas, Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz...

— Busca información sobre o escritor elixido en Internet, en enciclopedias, na contraportada dun libro seu..., e anota os datos máis destacados.

— Redacta a biografía cos datos obtidos. Lembra que debes incluír o máis importante da súa vida co xeito ordenado.



As clases de palabras

As **clases de palabras** son o substantivo, o adxectivo, o artigo, o demostrativo, o posesivo, o numeral, o indefinido, o pronome persoal, o verbo, o adverbio, a preposición...

Velaquí o que designa ou indica cada unha destas clases.

Substantivo

Designa persoas, animais, cousas ou ideas. Ten xénero e número.

xoguete

Adxectivo

Indica unha calidade do substantivo que acompaña. Concorde en xénero e número con el.

xoguete *grande*

Artigo

Precede un substantivo e indica se este é coñecido (**artigo determinado**) ou non-coñecido (**artigo indeterminado**).

o xoguete

Demostrativo

Indica se algo está **cerca** (*este, esta...*), a unha **distancia media** (*ese, esa...*) ou **lonxe** (*aquel, aquela...*) da persoa que fala.

este xoguete

Posesivo

Indica a quen pertence aquilo do que se fala.

o meu xoguete

Numeral

Indica a cantidade exacta (**numeral cardinal**) ou a orde nunha serie (**numeral ordinal**).

tres xoguetes

Indefinido

Indica cantidade de forma imprecisa ou indeterminada.

moitos xoguetes

Pronome persoal

Substitúe un substantivo.

o xoguete

↓
el

Verbo

Designa unha acción ou un estado.

O xoguete *caeu*

Adverbio


Indica lugar, tempo, modo, cantidade... Non ten nin xénero nin número e completa o significado dun verbo, dun adxectivo ou doutro adverbio.


xoguete *moi* divertido

Preposición

Relaciona palabras.

xoguete *con* rodas





- 1 Identifica e copia todos os substantivos deste trabalinguas.

Nai e filla **foron** á misa;
nai **pisa** palla;
palla **pisa** filla.

— ¿Que clase de palabras son as destacadas en negra?

- 2 Pensa e anota un adxectivo que lle acaia ben a cada un dos substantivos destas oracións.
- O **avó** cóntalle unha **historia** ao **neto**.
 - O **rapaz** colleu a **bicicleta** e foi dar un **paseo**.
 - O **can** pasou correndo cun **calcetín** na **boca**.
 - Non sei que poñer: a **saia** e o **xersei** ou o **pantalón** coa **blusa**. ¿Que me aconsellas?
 - Na **tenda** había varios **produtos**: **xabóns**, **esponxas**, **xampús**...

— Volve escribir as oracións anteriores incluíndo os adxectivos anotados.

- 3 Clasifica nunha táboa os artigos, os demostrativos, os posesivos, os numerais, os indefinidos e os pronomes persoais destas oracións.

- O meu can tiña moitas pulgas e algunha carracha.
- Ela ten tres aneis e ti, ningún.
- O primeiro corredor que acabou a carreira fuches ti.
- Aquel rapaz leva unha chaqueta vermella e este, unha de raias.
- Nós erguémonos cedo todos os días, ¿e vós?
- Os nosos gustos son moi diferentes dos seus.

ARTIGOS	DEMOSTRATIVOS	POSESIVOS
.....		
NUMERAIS	INDEFINIDOS	PRONOMES PERSOAIS
.....		

- 4 Copia esta canción no teu caderno e subliñe os verbos.

Fun ao muíño,
o muíño a moer,
os ratiños a roer,
pillei un polo rabo
e leveino ao mercado.
E díxome unha muller:
—¿Canto quere por ese porquiño cebado?
—Sete «reás» e un chavo.
Con aqueles sete «reás» e un chavo
merquei unha besta rabela
e montei dacabalo dela.

— Volve escribir a canción substituíndo os verbos por outros que acaian ben.

- 5 Inventa un texto que teña un...

...adverbio de lugar: aquí, alí, cerca, lonxe..

...adverbio de tempo: onte, hoxe, mañá...

...adverbio de modo: ben, mal, amodo...

...adverbio de cantidade: moi, abondo...

- 6 Indica que clase de palabras é cada unha das destacadas neste texto.

Marchei para o **meu** cuarto a pensar. **Per** non é tan doado, **papá**.

Despois dunha hora de **profunda** meditación non saquei nada **en** limpo. Ás veces entibanme ganas de chorar e **outras** veces enfadábame. Pero, solución **non** atopa **ningunha**.

Un **tras** outro fun sacando **os** meus xoguetes. Quería entreter os meus pensamentos

Pilar Lozano Carbayo, ¡Non é tan doado ser nenol!, Ed. Rodeiro

As regras xerais de acentuación

Seguro que lembrás que unha **sílaba** é cada un dos golpes de voz que damos ao pronunciar unha palabra. Tamén recordas que as sílabas se clasifican en **tónicas** (as que soan con maior intensidade) e **átonas** (as que soan con menor intensidade).

Segundo a **posición da sílaba tónica**, as palabras poden ser:

Agudas

A sílaba tónica é a **última**.

avó

Graves

A sílaba tónica é a **penúltima**.

sobriño

Esdrúxulas

A sílaba tónica é a **antepenúltima**.

médico

— Copia estas palabras e subliña a súa sílaba tónica.

café - música - lóstrego - carácter - curmán - veciño - mitin - fácil - compás

— Agora clasifícaaas segundo sexan agudas, graves ou esdrúxulas.

As palabras levan **acento gráfico** (´), ou non, seguindo unhas regras xerais de acentuación. Velaquí as tes.

- As palabras **agudas** acentúanse se rematan en **vogal, -n** ou **-s**.
- As palabras **graves** acentúanse se rematan en **consoante distinta de -n** ou **-s**.
- As palabras **esdrúxulas** acentúanse **sempre**.

— Agora explica por que levan acento, ou non, as palabras do recadro anterior.

1 Copia estas palabras agudas e acentúa as que o precisan.

xabon - xampu´ - cantil - capitan - cafe - anzol
autobus - corredor


— Explica, en cada caso, por que leva acento ou non leva acento.

2 Ordena estas sílabas e obterás palabras graves.

rax to to mó au bil ter crá llo fi

— Explica por que leva acento ou non leva acento cada unha das palabras obtidas.

3 Escribe os nomes destes elementos. Acentúa os que o precisan.



— Razoa por que leva acento ou non leva acento cada un dos nomes anteriores.

Uso do dicionario

Cando non sabemos o significado dunha palabra o mellor que podemos facer é consultala nun dicionario ¿non si?

Nesta unidade e na seguinte imos aprender a consultar palabras no dicionario.

A orde alfabética

As palabras están colocadas no dicionario por orde alfabética.

— ¿Que palabra aparecerá antes no dicionario:

casa ou abelá?
nai ou pai?

voda ou festa?
testa ou guitarra?

Se dúas palabras comezan pola mesma letra, seguimos a orde alfabética da segunda letra.

— Ordena alfabeticamente estas palabras.

avó - abelá - ala - antes - aire - arar - asado - angustia

Se dúas palabras comezan por dúas letras iguais, seguimos a orde alfabética da terceira letra, e así sucesivamente.

As palabras guía

— Observa estas dúas páxinas dun dicionario.

Palabras guía

— Copia a resposta correcta en cada caso:

• As palabras guía son...

- ☐ As dúas últimas palabras que aparecen nunha páxina dun dicionario.
- ☐ A primeira palabra que aparece na páxina da esquerda dun dicionario e a última que aparece na páxina da dereita.

• As palabras guía serven para...

- ☐ Facilitarnos a busca dunha palabra.
- ☐ Enlarnos á hora de buscar palabras no dicionario.

Aplica o que acabas de aprender cando busques palabras no dicionario.


Para acabar

1 Le con atención este texto.

Sonia naceu en Barcelona hai **catorce** anos. É filla **de** Roberto e Rosa e ten unha **irmá máis** pequena, Alicia, de once anos.

Sempre foi unha nena **alegre**, esperta e moi faladora. Encantáballe estar coa súa avoa, **xogar** cos amigos e coidar da súa irmá pequena. ¡Mira que lle ten ensinado ben cousas! Para ela todo era **fantástico**.

Pero hai **uns** dous anos Sonia mudou de xeito **radical**. Agora sempre está triste, aburrida, ten poucas **amigas**, estar coa avoa xa non lle fai **graza** e non soporta a **súa** irmá, que sempre se está a meter en todo. Tampouco lle apetece ir ao instituto, nin madrugar, nin ir de **vacacións**, nin falar moito, nin **estar** coa **xente**, nin estar soa... Os seus pais non a entenden e a súa irmá, menos aínda. As palabras que máis repite son: «¡Que noxo!» e «¡Quero un **teléfono móbil**!». ¿Que **lle** pasa a Sonia? Pois que é **unha** adolescente. ¿Que desexa **agora**? Atopar un mozo.



2 ¿Que tipo de texto é o anterior?

3 Responde estas preguntas sobre a persoa da que se fala no texto.

- ¿Onde naceu? ¿Como é a súa familia?
- ¿Como era antes?
- ¿Como é agora?

4 Copia todos os nomes relacionados coa familia que aparecen no texto.

5 Localiza no texto as palabras sinónimas das seguintes.

- | | | | |
|----------|------------|------------|------------|
| • leda | • espelida | • cambiou | • modo |
| • sempre | • amigos | • faladora | • aburrida |

7 Indica que clase de palabra é cada unha das destacadas en azul no texto.

8 Clasifica as palabras destacadas en vermello no texto en agudas, graves ou esdrúxulas.

AGUDAS	GRAVES	ESDRÚXULAS
.....		

— Razoa por que levan, ou non, acento as palabras anteriores.